

FRASES FEITAS

- **Non todo o mar é peixe:** úsase para indicar que non todo é importante
- **Chegar e embarcar:** cando chegas a un sitio e es atendido axiña
- **Vai morrer o demo:** cando conto na casa algún problema ao que non lle dan moita importancia. Noutra familia utilízase cando unha persoa realiza unha tarefa que non a fai normalmente.
- **Fillo de lobo, lobiño:** utilízase para indicar que dúas persoas da mesma familia se parecen moito.
- **As galiñas que entran polas que saen:** úsase cando xogan un partido e empatan ou cando están a xogar as cartas
- **Ao defecto de pedir, a virtude de non dar:** forma elegante de responder negativamente
- **Se isto é guerra que non veña a paz:** dinmo cando estou tirada no sofá sen facer nada
- **Non cuspas ao ceo que te podes mollar:** dinmo cando estou criticando a alguén e digo que a min iso non me vai pasar, é como unha advertencia de que nunca se sabe como poden mudar as cousas.
- **Parecía a viña do señor:** usámolo cando xogamos ao fútbol e a defensa contraria é moi mala
- **O raposo cambia de pelo, pero non de condicións:** cando unha persoa promete ter outra actitude pero ao final segue a ser o mesmo de sempre.
- **Dime do que presumes, direiche que che falta**
- **O que vai a san Andrés e corre pouco, vai nun mes e vén no outro :** isto dise para indicar que se non bules, o tompo bótase enriba
- **A can fraco todos son pulgas:** canto peor estás, máis problemas
- **Non é ouro todo o que reloce:** úsase para indicar que as aparencias enganan
- **Meterllas co rabo pa corte:** úsase para indicar que están enganando a un
- **Dime do que presumes, direiche que che falta**
- **Cada mochuelo á súa oliveira:** cando quero durmir na casa do meu curmán e meus pais non me deixan
- **Tirar a pedra e esconder a man:** Moita valentía pero á hora da verdade...
- **De tal pau, tal astilla:** utilízase cando dúas persoas da mesma familia se parecen moito
- **O vran de san Martiño dura tres días mais un pouquiño**
- **Ceo predento, ou chuvia ou vento**
- **Se chove o daí de san Cibrán, chove todo o vran**

...

Desenvolvemento: A partir da explicación dos rexistros e concretamente da lectura de *A esmorga*, pedíuselle ao alumnado que sinalasen frases feitas. Posteriormente, pedíuselles que recollesen por escrito as frases feitas que se utilizaban na súa familia, co significado habitual da expresión, e púxoselles unha data de entrega. Ese día a profesora foinas lendo e ao pouco tempo a participación oral foi moi activa, aportando moitas máis das que recolleran por escrito, pero tamén habituais na casa.